

Notas de prensa

A AELG organiza a 'IV Xornada da Sección de Literatura Dramática. Cartografías da palabra en acción'

O sábado 23 de novembro terá lugar a IV Xornada da Sección de Literatura Dramática. Cartografías da palabra en acción, que se vai celebrar no Espazo Normal (Paseo de Ronda, 47 -como chegar-), na Coruña. As xornadas da Sección de Literatura Dramática da AELG naceron con vocación de poñer en foco unha das manifestacións artísticas máis senlleiras e estratéxicas dun sistema literario e dunha cultura de seu.

CARTOGRAFÍAS DA PALABRA EN ACCIÓN

IV Xornada de Literatura Dramática
23 de novembro 2019

Espazo Normal NORMAL
Paseo de Ronda, 47
A Coruña

**II Festival Pezas dun
teatro do porvir,
Galiza + Portugal.
Procesos abertos de
escrita dramática**

A Literatura Dramática, na súa evolución estilística a través da historia, configúrase como un xénero multiforme onde a palabra artella partituras de accións destinadas aos palcos da imaxinación lectora e, de ser posible, ao xogo dos palcos teatrais. Máis que de filoloxía deberíamos falar de dramaloxía, no sentido de que os parámetros fundamentais de composición da literatura dramática especulan coa arte da acción (drama, etimoloxicamente significa acción). Falar da palabra en acción, e do movemento que esta pode implicar, leva o xénero da Literatura Dramática a mesturarse coa poesía, a deseñar pezas paisaxe, a poñerlle texto á danza ou ao circo e, por suposto, a representar historias con personaxes que fagan de espello dos aspectos máis candentes da actualidade.

A Literatura Dramática é un filón de alto potencial, que en Galiza segue a manterse case no esquecemento. Por iso cómpre deseñar encontros e actividades que exploren e poñan en valor a Literatura Dramática Galega actual, enfocada nas súas múltiples virtudes de cara ao Ensino, porque no Ensino, con maiúsculas, está o futuro.

Por outra banda, un dos elos fundamentais desta IV Xornada é servir como viveiro e estímulo para as creadoras e creadores que, nestes momentos, están a escribir ou a bosquejar algún tipo de peza para os palcos. Cómpre facilitar, visibilizar, abrir espazos de encontro para compartir eses procesos de creación e para atopar unha complicidade e un diálogo que poida potenciar esas pezas en construción. Coa alegría dun nacemento, celebrámolo a xeito de festival e chamámoslle Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal, que, para este 2019, ampliamos a 6 proxectos que serán amosados e compartidos en público. Ademais, queremos procurar o diálogo coas inxenuidades que, neste ámbito, podemos compartir coas dramaturgas e dramaturgos de Portugal, reforzando os lazos de irmandade que se remontan á orixe común da nosa lingua. Para promover as sinerxías e o diálogo, abrimos, neste II Festival Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal, a unha proposta do país veciño.

Así pois, nesta IV Xornada de Literatura Dramática 2019. Cartografías da palabra en acción, preténdese mostrar a presenza da literatura dramática galega na actualidade, tanto no ámbito do ensino como a través doutras canles de comunicación como a edición ou a programación teatral. E, por outra banda, facilitar os procesos de creación en curso, no marco galego, en relación co portugués, colaborando no seu impulso.

A inscrición é gratuita. Está solicitada a homologación ante a Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional por 8 horas, e a matrícula é preferente para socios/as da AELG e da AS-PG (por orde de inscrición).

O programa completo previsto é o seguinte:

Mañá

09:45 Apertura da III Xornada.

10:00 Mesa redonda A literatura dramática nas aulas.

- Presentación e moderación: Olivia Pena.

- Ponentes: María Vilariño e Manuel Vieites.

11:15 Mesa redonda A difusión da literatura dramática hoxe.

- Moderación: Carlos Labraña.

- Ponentes: Inma Doval e Manuel Xestoso.

12:30 Clase maxistral a cargo de Francisco Matos Oliveira.

Aberto a todas as persoas interesadas. O autor, cun amplo coñecemento como estudoso e crítico da dramaturxia portuguesa contemporánea, falará sobre o papel da literatura dramática na configuración dunha cultura diferenciada e os camiños da dramaturxia portuguesa de onte a hoxe, mantendo posteriormente un coloquio co público presente.

Tarde

16:30 Festival Pezas dun teatro do porvir. Procesos abertos de escrita dramática.

Convocatoria aberta a 6 proxectos de escrita dramática ou dramaturxia, individuais ou colectivos, de dramaturgas/os que estean a escribir algunha peza nova ou que teñan unha peza recente e queiran abrila ao público, achegando un fragmento ou mostra desta. Entre os 6 proxectos, poderá seleccionarse tamén un proxecto portugués, para comezar a facilitar un intercambio e un diálogo entre as inquedanzas da creación actual galega e portuguesa.

O funcionamento deste festival consta dunha exposición ou mostra dun fragmento da peza ou da peza enteira, no caso de ser breve, dentro dunha duración máxima de 15 minutos. Xusto despois, haberá un tempo complementario para un breve debate ou conversa ao seu respecto, dentro dunha duración máxima de 15 minutos. As presentacións faranse no formato que cada dramaturga/o ou equipo de dramaturxia considere máis axeitado á peza ou fragmento da peza que vai amosar. No breve debate posterior ás presentacións buscaríase coñecer a reacción do público, nun diálogo que, quizais, poida servir para enriquecer, por parte da/o dramaturga/o ou equipa de dramaturxia, o acabado desas pezas en proceso.

O programa é o seguinte:

16:30 h. A Feroz. Santa Inés.

17:10 h. Fernando Epelde. Mal Avenida.

17:50 h. Carlos Labraña. O rocho.

18:30 h. Marta Figueiredo. Grada Familia.

19:10 h. Ernesto Is. Desertos ou A resaca dos profetas.

19:50 h. Laura Porto. O senso da floración.

Esta actividade está coordinada de Afonso Becerra de Becerreá, Vogal de Literatura Dramática da AELG, e Cilha Lourenço Mória, da Universidade da Coruña